



BASES PARA A CONTRATACION DUN/UNHA ANIMADOR SOCIO-CULTURAL PARA O CONCELLO DE AS NEVES

Primeira: Existindo consignación orzamentaria na partida 334.131 do exercicio vixente, convócase unha praza de *Animador/a Socio-cultural*, para realizar funcións propias do posto, cunha duración de dous meses, e unha xornada parcial de 25 horas semanais, mediante un contrato laboral, por obra ou servizo de carácter temporal, ó abeiro do artigo 15 do Estatuto dos Traballadores. As retribucións brutas, por tódolos conceptos retributivos e para todo o período de duración do contrato serán as establecidas no orzamento vixente. e

Segunda.- As persoas interesada en tomar parte nesta contratación, deberán reuni-los seguintes requisitos:

- a) Ter cumpridos os 16 anos de idade, e non excedan, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- b) Estar en posesión da Titulación mínima de Ciclo Superior, rama Animación Sociocultural, ou equivalente.
- c) Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- d) Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública, nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.
- e) Para os nacionais doutros estados estarase ao disposto no artigo 57 do Estatuto Básico do Empregado Público; non obstante, se non é cidadán membro da Unión Europea, deberá, posuí-lo permiso de traballo necesario, dacordo co establecido na Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.
- f) Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na lei 53/1984, do 26 decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

Estes requisitos deberán ser cumpridos no momento de realización da entrevista e durante o proceso selectivo ata o momento de formalizar a contratación

Terceira.- A selección efectuarase mediante a correspondente oferta na Oficina de Emprego. Os/as candidatos/as presentaranse no Concello o día que sexan convocados/as aportando a documentación requerida nas presentes bases, a efectos de realizar a entrevista contemplada nas Bases.

As presentes bases estarán expostas ao público no taboleiro de anuncios do Concello e na súa páxina web: www.asneves.com, así como tódolos actos derivados desta contratación.

Cuarta.- Na selección valoraranse os seguinte méritos:

1.- Formación Profesional:

Pola participación en cursos, xornadas, congresos, seminarios, impartidos pola Escola Galega de Administración Pública ou calquera outro organismo competente

Concello das Neves

para impartilos, sempre que teñan relación coas función propias do posto de traballo, ata un máximo de 2 puntos, baremados do seguinte modo:

- Cursos ata 20 horas: 0,10 puntos por curso
- Cursos de 21 a 40 horas: 0,15 puntos por curso
- Cursos de 41 a 100 horas: 0,20 puntos por curso
- Cursos de de 101 a 250 horas: 0.25 puntos por curso
- Cursos de de 251 a 500 horas: 0.35 puntos por curso
- Cursos de máis de 500 horas: 0,50 punto
- Por xornadas, seminarios ou congresos, ou cursos nos que non veñan especificados o nº de horas: 0.05 puntos por curso ou xornada

2.- Acreditación do grado de coñecemento de Galego:

- a) Por estar en posesión do Celga 1: 0,15 puntos
- b) Por estar en posesión do Celga 2: 0.20 puntos
- c) Por estar en posesión do Celga 3 ou Curso de Iniciación a Lingua Galega:0.30 puntos.
- d) Por estar en posesión do Celga 4 ou Curso de Perfeccionamento de Lingua Galega: 0.5 puntos
- e) Celga 5 ou superiores: 1 punto

Este mérito acreditarase mediante título ou certificado validado ou expedido pola Dirección Xeral de Política Linguística da Xunta de Galicia ou pola Escola Galega de Administración Pública ou por Centros Oficiais.

3.- Experiencia Laboral: A puntuación máxima neste apartado será de 2 puntos.

- Por servizos prestados en funcións relacionadas có posto a desenvolver, 0,10 puntos por cada mes traballado, na Administración Pública
- Por servizos prestados en empresa privada en funcións relacionados có posto a desenvolver: 0,05 puntos por mes traballado.

Quinta.- Tódolos candidatos deberán realizar unha entrevista cos membros da Comisión de Selección na que se tratarán tódolos aspectos relacionados coas funcións a desenvolver, valorándose ata un máximo de 2,00 puntos.

En caso de empate se contratará a persoa que acredite maior antigüidade na situación de desemprego.

Previamente a contratación do/a traballador/a seleccionado, se levará a cabo a compulsa da documentación aportada, a vista dos orixinais.

Sexta .- A Comisión seleccionadora estará integrada polos seguintes membros:

Presidenta: M^a Isabel Martín Alonso ou persoa en quen delegue.

Vocais:

- Ana M^a Cuesta Jorge ou persoa en quen delegue.
- Ramona Giráldez Carballo ou persoa en quen delegue.

Quinta.- Tódolos candidatos deberán realizar unha entrevista cos membros da Comisión de Selección na que se tratarán tódolos aspectos relacionados coas funcións a desenvolver, valorándose ata un máximo de 2,00 puntos.

Sexta .- A Comisión seleccionadora estará integrada polos seguintes membros:

Presidenta: M^a Isabel Martín Alonso ou persoa en quen delegue.

Vocais:

- Ana M^a Cuesta Jorge ou persoa en quen delegue.
- Ramona Giráldez Carballo ou persoa en quen delegue.
- M^a Esperanza Goyanes López ou persoa en quen delegue.

Secretaria: Concepción Eulalia Solano De Eyto ou persoa en quen delegue.

Sétima.- Valorados tódolos méritos alegados polos aspirantes que reúnan as condicións esixidas, a Comisión formulará a correspondente proposta de designación a favor dos candidatos que obtivesen a maior puntuación. En caso de baixas ou substitucións, procederase ó chamamento da seguinte persoa, por rigurosa orde de puntuación, sempre que reúna os requisitos esixidos.

O Sr. Alcalde procederá a efectua-lo nomeamento, asinándose cos aspirantes seleccionados o corresponde contrato laboral de inserción.

Oitava.- *Para o non previsto nestas Bases, rexerán como supletorias: o establecido na Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, no Estatuto Básico do Empregado Público, a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia; Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Réxime Local; Real Decreto 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, no Estatuto dos Traballadores, e demais disposicións concordante.*

As Neves, 1 de xuño de 2016
O Alcalde-Presidente

Asdo: Xosé Manuel Rodríguez Méndez